



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

30 de maio de 2024

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 21:46

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ



33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta das sesións de datas 25/01/2024, 4/04/2024 e 13/05/2024.

Acta de 25 de xaneiro de 2024 é aprobada cos votos a favor do PSOE, en contra do BNG e abstención do PP.

Acta de 4 de abril de 2024 é aprobada cos votos a favor do PSOE e BNG e abstención do PP.

Acta de 13 de maio de 2024 é aprobada cos votos a favor do PSOE e BNG e abstención do PP.

2. Expediente 539/2024. Dación conta resolucións alcaldía dende o nº 2024-0237 ata o 2024-0411

Dáse conta das resolucións da Alcaldía dende o N° 2024-0237 ata o N° 2024-0411.

3. Expediente 337/2024. Aprobación expediente contratación “Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz”

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Aprobación expediente contratación “Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz”. Expte: 337/2024

Visto os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Informe técnico da Deputación Provincial de Lugo de data 28/12/2022.

-Memoria xustificativa de data 22/03/2024.

-Acordo plenario de data 4/04/2024 iniciouse o expediente do contrato mixto de Servizos enerxéticos do alumeado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz, mediante



procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, por un prazo de duración de vinte anos.

-Informe do técnico de medio ambiente de data 21/05/2024

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 22/05/2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e sobre a conformidade cos pregos que rexen a contratación.

-Informe económico da xustificación base de licitación de data 22/02/2024

-Informe sobre a estruturación xurídica do contrato para os servizos enerxéticos do alumeadado exterior e dos edificios municipais de xaneiro de 2024.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescrición técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimoquinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

-A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

-A Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

De acordo coa atribución concedida ao Pleno pola Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Publico

Vista a proposta de resolución PR/2024/380 de 22 de maio de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 22 de maio de 2024.

O Pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación coas seguintes características convocando a súa licitación:

Tipo de contrato: administrativo
Subtipo do contrato: Mixto (subministración e servizos suxeito a regulación harmonizada)



Obxecto do contrato: “Subministro e Servizos enerxéticos do alumado exterior e dos edificios municipais”.	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 50232100-1 Servizos de mantemento alumado público de calles 50700000-2 Servizos de reparación y mantemento de equipos de edificios 71314200-4 Servizos de xestión de enerxía dos recollidos no Regulamento (CE) nº 451/2008 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de abril de 2008.	
Valor estimado do contrato (sen IVE): 7.051.005,43 euros (20 anos)	
Orzamento anual base de licitación IVE excluído: 352.550,27 €	21% IVE%: 74.035,56 €
Orzamento anual base de licitación IVE engadido: 426.585,83 euros	
Duración da execución: 20 anos	Duración máxima: 20 anos
División en lotes: non	Número de lotes:
Observacións:	

SEGUNDO.- Aprobar a inclusión de aplicación orzamentaria suficiente e adecuada nos sucesivos orzamentos para facer fronte as distintas anualidades do presente contrato.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas asinados con data 20/05/2024 que rexerán a adxudicación e execución do contrato mediante o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada

CUARTO.- Publicar a convocatoria da licitación no Diario Oficial da Unión Europea no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do Estado para a presentación de ofertas por medios electrónicos durante o prazo de 35 días naturais dende a publicación no perfil, coa información do artigo 63 da LCSP e o contido do Anexo III da LCSP.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que vai ler un fragmento do informe de intervención: “segundo informe externo solicitado pola alcaldía de 21 de marzo de 2024 afirmase que no modelo de xestión enerxética tradicional dos municipios, normalmente se está pagando un importe elevado en concepto de subministro ener-xético e o goberno municipal non dispón de ferramentas de control, nin información básica para a toma de decisións en materia de xestión enerxética . Esta intervención non dubida desta afirmación, pero para poder xustificar o gasto público debería motivarse e xustificarse este aforro que se afirma, non consta no expediente unha auditoría que poña de manifesto esta afirmación.

Non consta no expediente ningunha auditoría enerxética que a base da presente licitación, para motivar e xustificar as afirmacións tanto da documentación de inicio do expediente como do informe externo solicitado sobre o posible aforro enerxético.

Di tamén que se considera adecuado que o control de implantación do proxecto sexa contratado polo concello ao marxe do presente contrato, e que a duración debe ser maior a



un año, para toda a vida do contrato, xa que no prego non se especifica como se levará a cabo o control do cumprimento das obrigas contractuais, e como se vai a actuar se consideramos que determinadas instalacións teñen unha vida útil de 12 anos e o contrato ten unha duración de 20 anos, como se vai a proceder con estas instalacións a partir do ano 13, e ademais sen coñecer neste intre como será a tecnoloxía en materia enerxética que exista nese momento.

Informase tamén que se manifestan afirmacións, que non son de todo certas, xa que no apartado 1º do presente informe se analiza a situación da consignación orzamentaria para o presente con-trato e se recomenda a tramitación anticipada, de seguir co procedemento, xa que a consigna-ción para o ano 2024 non está garantida. No se debe confundir polo informante externo que unha cosa, é a consignación inicial do orzamento cando o mesmo se aproba e outra distinta é o grado do execución do mesmo, a data do presente informe.

En canto a estabilidade orzamentaria, esta intervención informa que o presente contrato represen-ta un 7% do importe do orzamento xeral para o ano 2024, polo que estamos ante un importe im-portante para unha entidade local que neste exercicio ten un orzamento duns 5,5 millóns de eu-ros, e que como se pon de manifesto nos diferentes informes de fiscalización, hai aplicacións orzamentarias que están esgotas a data do presente informe, como exemplo o expediente de suplemento de crédito que está actualmente en exposición pública. No informe sobre a estabili-dade orzamentaria na liquidación dos orzamentos municipais do Concello de Guitiriz correspon-dente ao exercicio 2023 xa se informaba do incumprimento do obxectivo de estabilidade orza-mentaria na liquidación dos orzamentos municipais correspondente a ese exercicio.

Hai que ter en conta a comunicación da Secretaria Xeral de Financiación autonomía e local do Ministerio de Facenda que pon de manifesto que no 2024 o subsector local deberá presentar superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional e cumprir a regra de gasto. Así as entidades locais que liquiden o exercicio 2024 con déficit deberán aproba un plan económico financeiro segundo o art. 21 da LOEPSF. “

Tamén chama a atención que a Sra. Interventora advirte da falta dos supostos concretos da modificación do contrato porque no vén regulado, ben sexa o prezo de tarifa a baixa nin tam-pouco a baixa do consumo por tecnoloxía mellor empregada nas luminarias, posto que esta-mos a falar dun contrato a 20 anos no que todo pode suceder ou é que vostede quere que suba o consumo e o prezo?

Logo deste informe demoledor da Sra. Interventora veremos mais adiante o do Secretario e o do Técnico de Medio Ambiente, díganos realmente o interese que vostede ten por levar a diante este contrato.

No informe do Técnico de Medio Ambiente faise constar que no inventario do alumeadado público faltan o de Pumariño, San Cristovo, A Torre, San Mateo, Carballo, A Granxa, Balsa e Os Olmos (Labrada), e puntos de luz que se instalaron con posterioridade, tamén falta una ficha de cada subministro onde conste a tarifa contratada, potencias, consumo en kWh do último ano e prezo medio de kW/h. Estes datos servirían para poder comprobar o aforro



conseguido nos subministroos que se actúe, unha vez transcorrido un ano dende a sinatura do contrato.

O voceiro do BNG di que este tema xa foi tratado no pleno anterior onde se aprobou cos votos a favor do PSOE a súa incoación polo que probablemente esteamos diante do contrato mais grande que se vai celebrar nesta lexislatura e dous meses despois de iniciado o expediente os membros da corporación non tivemos ningunha información adicional ata o pasado mércores, momento no que tivemos acceso a pregos de condicións, informes xurídicos e unha importante documentación que no fondo non nos achega a información que nós consideramos mais importante que é o que se pretende realmente con este mega contrato.

É un contrato que engloba toda a xestión enerxética do concello, vai dende a contratación coas empresas subministradoras que se ocuparía a empresa adxudicataria ata o cambio dunha simple lámpada nun despacho do concello. É un contrato tan grande que ten un importe de 8,5 millóns de euros, IVE incluído, e unha duración de 20 anos polo que cinco gobernos municipais van ter que soportar este contrato sexan quen sexan as persoas que integren os mesmos.

Dende o BNG dada a importancia deste contrato cremos que tanto a cidadanía como os membros de corporación merecemos unha explicación mais pormenorizada dos obxectivos e as necesidades deste mega contrato, para poder avaliar este tipo de contrato precisamos tempo e explicacións técnicas suficientes para poder ver a idoneidade ou non da proposta da alcaldía.

E por isto polo que o BNG solicita a retirada ou aprazamento deste punto e a convocatoria dunha reunión técnica na que se nos informe aos portavoces da idoneidade técnica, económica e social para facer esta mega contratación con este cambio de modelo xestión actual.

A Sra. Alcaldesa di que non van retirar o asunto da orde do día.

Dicir que a interventora en ningún momento informou desfavorablemente esta contratación, fai unha serie de recomendacións das cales algunhas vanse levar a cabo como por exemplo que a entrada en vigor deste contrato vai ser o 1 de xaneiro de 2025 para salvar precisamente ese punto do informe de intervención.

En canto a que agora mesmo volven a estar en vigor as regras fiscais e de gasto teremos que esperar a aprobación do teito de gasto que se aprobe cada ano e nese momento haberá que verificar o cumprimento desas regras fiscais, todo isto tendo en conta a situación de incertidume que vivimos e de inestabilidade global que tamén faría plausible unha nova suspensión das mencionadas regras e en ultimo caso un posible incumprimento, que non sabemos si se vai a dar ou non, daría lugar a aprobación dun plan económico financeiro para volver a situación de estabilidade.

Respecto as modificacións do contrato, os técnicos expertos na materia que redactaron os pregos non contemplan que haxa modificacións previsibles, que serían as que se poderían



contemplan nos pregos, por suposto pódense producir circunstancias imprevisibles que dean lugar a modificacións pero que teñen un regulamento moi preciso e detallado na nosa lexislación, tanto na súa vertente xurídica como económica.

En canto a base de licitación que vén recollida na proposta esta establecida en consonancia co gasto realizado nos últimos anos si sumamos ao subministro eléctrico a partida de mantemento e as inversións feitas algunhas veces con recursos propios e outras con recursos alleos e todo isto sen contar coa posible baixa que se pode producir na licitación.

En canto a eses alumeados que di o voceiro do PP que non se inclúen teño que precisar que o inventario que se inclúe nos pregos é un inventario dos cadros eléctricos, e dicir, dos CUPs que ten neste momento o concello e que serán os que haxa que poñer a nome da empresa que resulte adxudicataria deste contrato, eses núcleos que menciona o voceiro do PP son cadros novos que estamos pendentes que tanto Fenosa como Begasa nos faciliten os CUPs definitivos e nese momento incluíranse nese inventario.

En definitiva non existe ningún informe desfavorable por parte de ningún técnico do concello, contamos con dous informes externos, un da Deputación e outro dunha asesoría externa para levar a cabo este contrato e nós estamos convencidos de que vai ser beneficioso para o concello.

A información da que fala o voceiro do BNG non nos foi solicitada en ningún momento a pesar de que xa sabían que este contrato estaba en marcha.

O voceiro do PP di que o informe da interventora non é desfavorable pero léolle uns parágrafos, en concreto:

“Esta intervención, no mesmo senso que a secretaria municipal, manifesta que hai aspectos técnicos que escapan a esfera profesional da informante sobre as fórmulas matemáticas da cláusula 10.”

Mais adiante di “na esfera dos xuízos de valor escapan a súa esfera profesional, polo que sexa difícil para esta intervención, valorar estes xuízos”

En definitiva a interventora estalle dicindo que non se considera capacitada para valorar en moitos sentidos o que se lle di.

No informe do Sr. Secretario, nas conclusións establece no punto 2 “salvo erro non consta dito estudo nin se deduce da documentación obrante no expediente a súa existencia”

No punto 3 fai referencia moitas veces as dúbidas plantexadas en varios temas.

No punto 4 dise “non estou de acordo co manifestado na contestación, posto que nun contrato cun horizonte temporal a 20 anos, con multitude de prestacións e obrigacións, resulta extraño que se entenda que todos estes elementos permanecerán inmutables ao longo do tempo.”



No punto 5 “Dada a importancia e incidencia que pode ter esta cláusula nos próximos anos para os orzamentos municipais debe determinar a fiscalización realizada pola intervención, no ámbito do artigo 214 do TRLHL, se a mesma e conforme a normativa, No caso de que a complexidade técnica no permita realizar tal fiscalización, recomendase informe de funcionario da Deputación ou administración pública con capacidade técnica suficiente e no marco dos principios de obxectividade, imparcialidade e independencia no seu actuar, que acredite tal extremo”

Visto todo isto deberíase completar o expediente con toda a documentación que pide o Secretario, ben por un técnico da Deputación, ou da Xunta de Galicia que ten un organismo autónomo ou mesmo do IDAE e non iniciar a licitación sen ter devandito asesoramento.

Os propios técnicos municipais non se senten con capacidade para analízalo polo que entendemos que todo isto é un auténtico despropósito.

O voceiro do BNG di que si os propios técnicos municipais non se senten con capacidade para valorar un tema deste calado moito mais complicado o temos estes concelleiros/as que non temos nin a súa cualificación nin os seus coñecementos.

Insisto que é un contrato a 20 anos, que son cinco lexislaturas e dende o meu punto de vista quen este aquí vai ter que sufrilo posto que van ter que traballar cunha ferramenta que eles non elixiron, salvo que este vostede aquí eses 20 anos para poder desfrutala.

En todo caso o custe do contrato e similar ao custe actual do servizo e por outra parte estaría eses beneficios dunha hipotética redución da factura por medio do aforro enerxético, pero este suposto aforro enerxético revertería na empresa adxudicataria para compensar a inversión, polo tanto o aforro non se vai dar estritamente.

Dende o noso punto de vista cremos que habilitando as placas fotovoltaicas que producirían 120.000 kw nos 20 anos e proseguindo coa substitución de equipos como se vén facendo ata o de agora pódese lograr o mesmo fin que con este contrato e isto so depende da xestión do equipo de goberno. E dicir, privatizamos a xeración eléctrica para autoconsumo e ao mesmo tempo a xestión municipal deste servizo.

A Sra. Alcaldesa volve a dicir que non hai ningún informe desfavorable, nin o informe de intervención nin de secretaría plantexan ningunha dúbida sobre si os criterios subxectivos non sexan correctos e sobre os obxectivos plantexan dúbidas razoables polo alto contido técnico dos mesmos e evidentemente imos precisar asesoramento técnico para a adxudicación tanto da Deputación como da empresa especializada.

Si o concello dispuxera neste momento dos cartos suficientes para facer as inversións necesarias para empezar con ese aforro poderíase plantexar outro tipo de xestión pero o concello non ten os recursos necesarios para cambiar todas as luminarias.

Respecto ao informe de Secretaria ao que se remite a interventora dicir que menciona corenta items distintos e so plantexa dúbidas sobre cinco.



Intervén o voceiro do PP para dicir que quere que conste en acta que nos informes dos tres técnicos municipais mencionan varias veces que non se senten capacitados para valorar varios aspectos deste expediente.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e BNG.

4.Expediente 618/2023. Modificación rexime dedicacións concelleiro do equipo e goberno.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

<<Feitos e fundamentos de dereito:

MODIFICACIÓN REXIME DE DEDICACIONES DOS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 618/2023

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Vistos os acordos plenarios de 10/07/2023 e de 28/09/2023 de réxime de dedicacións dos concelleiros/as do equipo de goberno e posterior modificación.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

Vista a proposta de resolución PR/2024/376 de 21 de maio de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 21 de maio de 2024.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e coas abstencións do PP e BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a dedicación parcial do Delegado da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha dedicación parcial do 25%, debendo dedicar un mínimo de 10 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 750 € en 14 pagas.

SEGUNDO.- A dedicación parcial terá efectos dende o día 1 de xuño de 2024 de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015.

TERCERO.- As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo o incremento anual fixado para os traballadores do Concello pola Lei de Presupostos do Estado.



CUARTO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e no Boletín Oficial da Provincia.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que dado que se trata de modificar o horario de traballo e soldo dun concelleiro electo e visto o informe da Interventora con referencia a lexislación aplicable e consideracións xurídicas entendemos que é unha cuestión interna e non temos nada que dicir.

A voceira do BNG di que lles gustaría saber cal é razón da redución horaria e do soldo correspondente xa que en setembro tróuxose un incremento e a razón que se nos deu de aquela era razóns organizativas debida a condición da Alcaldesa como Deputada.

A Sra. Alcaldesa di que son cuestións organizativas que lle afectan a él profesionalmente.

Está dentro das competencias do equipo de goberno a organización, as dedicacións e control do traballo e das áreas.

O voceiro do PP non fai uso da segunda quenda.

A voceira do BNG di que xa sabe que esta dentro das normas pero chama a atención que en xullo do ano pasada tivese unhas horas de dedicación, en setembro outras e nestes momentos outras, chama a atención que nun determinado momento se consideren necesarias unhas determinadas horas e uns meses máis tarde xa nos sexa así.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, abstención do PP e BNG.

5. Expediente 360/2024. Elección Xuíz/a de Paz titular de Guitiriz	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Elección de xuíz/a de paz titular de Guitiriz. Expte. 360/2024

Visto o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 22/03/2024, RE nº 1178 de data 1/04/2024 no que se insta ao Concello de Guitiriz a iniciar o expediente para elixir xuíz/a de paz por estar próximo a vencer o período – catro anos- polo que se nomeou xuíz /a de paz titular deste concello, no prazo de tres meses de conformidade co artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do poder xudicial.

Vista a providencia de alcaldía de data 3/04/2024 e decreto de aprobación da convocatoria de data 3/04/2024 ábrese un prazo de quince días hábiles dende a publicación do anuncio no BOP de Lugo (10/04/2024) para que as persoas que estean interesadas no cargo e reúnan as condicións legais o soliciten por escrito, podendo examinar o expediente na secretaría do Concello.



Visto o informe xurídico de secretaría de data 3/04/2024.

Vista a única solicitude presentada en prazo pola seguinte candidata:

-Dona Genoveva Dolores Cebeira Barco.

Considerando que lle corresponde ao Pleno do Concello elixir as persoas para ser nomeadas xuíz/a de paz deste municipio, de acordo co que dispoñen os artigos 99 e seguintes Lei orgánica do poder xudicial, e o Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Considerando as atribucións conferidas á alcaldía e ao Pleno da Corporación conforme aos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 de 2 de Abril.

Vista a proposta de resolución PR/2024/374 de 21 de maio de 2024.

O Pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Elixir a dona Genoveva Dolores Cebeira Barco para que sexa nomeada xuíza de paz titular de Guitiriz xa que reúne os requisitos e condición requiridos para a súa elección.

SEGUNDO.- Que se lle traslade este acordo e documentación correspondente ao xulgado de primeira instancia e instrución do partido xudicial de Vilalba que o remitirá á sala de goberno (artigo 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e o artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que lles gustaría que nun futuro se lle de un pouco mais de publicidade porque pode haber xente interesada en presentarse e parece que non se lle deu toda a publicidade que se debería ter dado, pero non dubidamos que se tramitara conforme a lei.

Visto que cumpre todos os requisitos e que foi a única solicitude presentada en prazo estamos totalmente de acordo que a nosa veciña dona Genoveva Dolores Cebeira sexa elixida Xuíza de Paz do Concello de Guitiriz e se proceda a dar traslado do acordo e da documentación esixida ao Xulgado de Vilalba para que de traslado a Sala do Goberno.

A voceira do BNG di que partindo de que nós non temos absolutamente nada en contra da persoa á que se lle renovou o nomeamento pero non estamos de acordo co procedemento en sí, chámamos a atención que se iniciara o expediente dous días antes do Pleno anterior e dende ese momento, que xa pasaron dous meses, nós non vimos nada publicitado nas redes sociais que ten o concello, nas cales se publica todo o que pode ser de interese para a veciñanza, polo que nós consideramos que está podía ser unha máis para que o procedemento fora mais transparente e así achegarnos a igualdade de oportunidades para todos os veciños/as posto que puidera ser que houbera alguén mais interesado/a e así non teriamos só unha solicitude.



Sabemos que o procedemento cumpriu todas as normas en canto a convocatoria, os prazos etc.

A Sra. Alcaldesa di que os usos e costumes deste concello é que sempre se fala coa persoa que esta para ver si lle interesa seguir e si non hai impedimento legal ningún o normal é renovarlle.

Houbo xente que chamou para preguntar si a persoa que ocupaba o posto estaba interesada en seguir e no momento que se lles dice que si non presentan a solicitude.

E verdade que se puido haber publicitado nas redes sociais.

O voceiro do PP non fai uso da segunda quenda.

A voceira do BNG di que o dos usos e costumes esta ben pero creo que estamos aquí para mellorar as cousas polo que o de usos e costumes non me parece un bo razoamento.

Insisto que non temos nada en contra desta renovación a favor de Genoveva, estamos encantados de que este Genoveva de novo, pero o que non nos parece adecuado é o procedemento, igual que se publicitan numerosas cousas nas redes sociais de mais ou menos interese para a veciñanza, nós consideramos que esta é unha mais por iso non entendemos porque non se publicitou.

A Sra. Alcaldesa di que o procedemento cumpriu estritamente coa legalidade e non houbo ningún interese por parte deste equipo de goberno de ocultar nada.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e abstencion do BNG.

6. Expediente 319/2024. Aprobación definitiva da modificación da RTP (11ª modificación)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

<< Aprobación definitiva da modificación da RPT (11ª modificación).

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

-Acordo plenario de data 4/04/2024 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT da ficha 28 concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 20 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 15/04/2024.



-Alegación de Ana Isabel Blanco Pazos con RE2024-E-RE- 538 de data de entrada 25/04/2024 na que solicita “Que dado que se vai proceder a unha modificación da RPT, se revise a valoración do complemento específico establecido para o posto de traballo de Arquitecta Técnica Municipal (Código 05), de xeito que se estableza unha valoración equitativa con respecto da que consta no posto de traballo da ficha nº6 correspondente ao posto de Técnico de Medio Ambiente (Código 6) e adecuada ás características e condicións específicas do posto.”

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando que conforme establece o artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación por maioría simple da Relación de Postos de Traballo.

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE e coas abstencións do PP e BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Contestar as alegacións presentadas no trámite de audiencia da modificación da RPT no seguinte senso de que en próximas datas se procederá a estudar, e revisar a valoración do complemento específico establecido para o posto de traballo de Arquitecta Técnica Municipal (Código 05).

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz, de conformidade co acordo plenario de data 24 de abril de 2024 e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que entenden que hai que volver a votar a onceava modificación da RPT porque houbo unha alegación presentada por unha traballadora do concello pedindo que se revise a valoración do complemento específico establecido para o posto de traballo da arquitecta técnica municipal e nós estamos totalmente de acordo con que se resolvan as alegacións pero referente a onceava modificación da RPT xa se debateu no pleno anterior e quedou todo exposto polo que sería volver a incidir sobre o mesmo.

Creemos que se debe facer unha RPT nova porque a que esta vixente non é operativa entón para non repetir o que xa dixemos no pleno anterior e como se van votar as dúas cousas xuntas, posto que si se votaran por separado nós votaríamos a favor das alegacións e absteríamonos na votación da aprobación da RPT porque foi o que votamos no anterior pleno, por coherencia imos absternos na votación deste punto.



O voceiro do BNG di que se trae novamente esta onceava modificación da RPT debido as alegacións presentadas por unha traballadora para esixir que se lle revise a súa ficha e polo que parece debe ter a razón esta traballadora posto que a alcaldías acepta a alegación e comprométese a revisala.

Preguntámonos porque non se fai extensiva a demanda desta traballadora a reiterada esixencia da representación legal dos traballadores/as para que esa revisión das fichas se converta dunha vez por todas nunha revisión total formando unha nova RPT e negociando cos representantes dos traballadores/as para un consenso duradeiro no tempo na RPT futura e que permita ademais a dignificación das condicións de traballo do persoal deste concello.

Insistimos no que levamos dicindo en todos estes debates das diferentes modificacións da RPT que é, asumir que a RPT estase a quedar inadecuada e hai que revisala no seu conxunto.

A Sra. Alcaldesa di que hai dúas formas de facer unha RPT, ben a través da Deputación ou a que a faga unha empresa privada pero parécenos mais axeitado que a faga a Deputación por iso dende o pleno anterior estou en contacto coa xefa de recursos humanos da Deputación para que nos fagan unha RPT co compromiso de que se leve a cabo nun tempo prudencial, no caso de que non fora posible teremos que facelo a través dunha empresa privada pero unha RPT feita por funcionarios públicos paréceme que vai ser mais adecuada para valorar os postos de traballo.

O voceiro do PP di que xa nos dixo fai dous meses que estaba en contacto coa Deputación para ver si facían unha RPT.

No informe desta modificación volve a insistir a Interventora en que a debe de facer pero agora dinos que é mellor facelo a través da Deputación sen embargo cando eu lle digo noutros momentos que tamén pode pedir informes ao INEGA ou a IDAE vostede opta por unha empresa privada.

O voceiro do BNG di que eles valoran positivamente que leve dous meses traballando na necesidade de renovar a RPT porque así dálle a razón os/as representantes dos traballadores/as que a vén demandando dende fai tempo, de todas formas en coherencia co que votamos no anterior pleno imonos abster.

A Sra. Alcaldesa di que ela quere recordar que outros expedientes que veñen a Pleno teñen tanto informes de empresas privadas como da Deputación.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e a abstención do PP e do BNG.

7.Expediente 521/2024. Moción BNG para dotar a Praza Campo da Feira duns servizos públicos

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria



A favor: 2, En contra: 7, Abstencións: 4, Ausentes: 0

A voceira do BNG da lectura a moción do seguinte teor literal:

<< MOCION PARA DOTAR A PRAZA DO CAMPO DA FEIRA DUNS SERVIZOS PÚBLICOS.

Exposición de motivos :

A principal praza que temos no noso pobo é a do Campo da Feira, aquí como todo sabemos é onde se desenvolven a maioría dos eventos do noso concello e /ou os de máis aglomeración de persoas tales como concertos, festas patronais e outras; sendo tamén a principal zona de recreo e de encontro das nosa veciñanza.

Ademais tamén está ubicado nela un parque infantil que é sen dúbida o máis concorrido do noso pobo e que cando o clima o permite está ateigado de nenas, nenos e moitas outras persoas que os acompañan e tamén grupos diversos que se achegan a facer outras actividades ou botar unhas horas de leria con outros veciños.

Todo esto fai que sexa moi habitual ver algunha nena ou neno (sobre todo aos máis pequenos) mexando agazapados detrás dun arbusto ou árbore, e isto é, evidentemente, porque non se dispón de ningún baño público do que se poida facer uso nin na propia praza nin nun entorno próximo.

Dende o grupo do BNG entendemos que debería ser unha prioridade poñer os medios necesarios para evitar este tipo de situacións e dar cobertura ás necesidades básicas da nosa veciñanza e de cantos nos visiten, pois tamén é zona de paso habitual do turismo que acode ao noso concello.

O pleno da Corporación Municipal de Guitiriz cos votos favorables do BNG, cos votos en contra do PSOE e coa abstención do BNG, non aproba o seguinte acordo:

1º.- O Concello habilitará uns servizos públicos permanentes no entorno do Campo da Feira.

2º.- Mentres non se realice dita obra, o Concello dotará esta zona do Campo da Feira cuns servizos públicos eventuais.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que vaia por diante que dende o grupo do PP non estamos en contra do avance e da instalación de nada que repercuta na mellor calidade de vida do noso concello pero dito isto temos varias dúbidas que nos gustaría que nos aclarasen, a primeira é si vostedes pensaron no sitio no que se farían ditos servizos posto que nas cidades que contan con isto os veciños/as quéixanse a miúdo polos olores e porque logo danse cita pandas de rapaces que se dedican a cousas poucos saudables. Para nós falar cos veciños sería o primeiro e tamén cos comerciantes xa que na actualidade hai xente que na procura de buscar un baño entra nun bar e toma un café ou auga e se houberse baños públicos isto non sucedería.



Por outro lado sería o custe, que conlevaría a elaboración dun pequeno proxecto, a construción dos mesmos e mantemento e limpeza xa que ou ben se ten persoal do concello para levar a cabo esa limpeza ou se contrata e o concello ten poucos cartos nestes momentos.

A parte disto gustaríanos saber si vostedes len os informes da Interventora a cerca da situación financeira do noso concello, o remanente esta a punto de esgotarse, nalgún informe fai constar que xa hai aplicacións orzamentarias esgotadas. Ao longo deste ano varios informes da interventora reflicten que o concello non esta a cumprir coa regra de gasto.

Despois disto gustaríame que lle preguntaran a Alcaldesa e ao seu Equipo de Goberno si hai crédito para facer isto ou si esta moción, en caso de aprobarse, será outro brinde ao sol dos que levamos efectuados neste mandato.

Nós non queremos levar aos veciños/as de Guitiriz a mais confusións de aprobacións de proxectos ou de mocións que de antemán non temos orzamento e non traer mocións para quedar ben, porque sabemos que a día de hoxe non se poden realizar no noso concello.

Din que o parque da praza as veces esta ateigado de nenos/as, saben vostedes o risco que correrían os nenos/as que van solos ao servizo e poden atoparse con xiringas ou outro tipo de enseres?. Como pensan evitar que isto ocorra?, que non quere dicir que vaia a pasar pero a realidade é que noutros sitios pasa.

Vemos que non é unha mala idea, pero sopesando os pros e contras non sabemos que sería mellor, dende logo cremos que o primeiro sería preguntar aos veciños/as si os queren ao seu carón ou dicir onde se van a colocar. Por outro lado estaría a parte económica, que o Equipo de Goberno diga si temos cartos para tal fin.

A Sra. Alcaldesa di que no caso de aprobarse non se sería unha proposta para efectuar agora mesmo senón cando presupostaríamete sexa posible.

Sinalar que sí e verdade que moitas veces os baños públicos non se utilizan axeitadamente, nós temos o exemplo no aparcadoiro de caravanas, que sofren moitas veces actos de vandalismo, pintadas, roturas etc., a o mellor antes de levar a cabo unha proposta deste tipo teríamos que facer uns talleres de civismo.

Outras complicacións nesa zona serían as afeccións todas que ten, Patrimonio, Deputación polo que non é tan sinxelo levalo a cabo.

A pesar de que nos parece unha boa dia nós non consideramos que sexa prioritario neste momento e tampouco temos coñecemento desa demanda, pero o que si se podería facer é prever que cando haxa un evento con moita xente poñer servizos portátiles.



A voceira do BNG di que eles non falan de eventos puntuais como poden ser as festas, na moción facemos fincapé no parque posto que é o mais concorrido de todo o concello e si os nenos/as pasan alí unha tarde enteira evidentemente necesitan ir ao baño e sobre todo por hixiene e por intimidade.

Non dicimos que sexa sinxelo pero coas consultas que fixemos concluimos que si era posible a situación compéetelle a quen se encarga desas labores técnicas, tería que ser persoal cualificado quen buscasse unha solución.

É unha moción que ten toda a lóxica do mundo e que recolle unha necesidade manifesta, é unha moción sensata e necesaria.

En canto a limpeza dáse por feito que si se montan uns baños terán que ter un mantemento como toda infraestrutura pero nós consideramos que son moi necesarios.

O voceiro do PP di que eles consideran que o mais axeitado sería colocar na época estival uns baños móbiles, que ademais poderían estar en sitios distintos e o custe sería moito menor.

Para nós tamén é importante contar cos veciños/as, saber si queren ter uns baños públicos preto das súas casas.

Nós dicimos que non cremos que sexa unha mala idea pero cremos que hai que analizar os pros e os contras e valorar moito cando falamos de facer obras no noso concello.

A Sra. Alcadesa reiterase no dito anteriormente, que a nós non nos parece prioritario facer uns baños públicos na praza pero si podemos estudar poñer uns portátiles en determinadas épocas e ademais as experiencias que temos no concello cos baños públicos dos Sete Muíños e cos da área de autocaravanas non son positivas, polo que imos votar en contra.

A voceira do BNG di que este grupo do BNG vai seguir insistindo posto que consideramos que é unha necesidade que non se pode negar.

Sometido o asunto a votación é rexeitado cos votos en contra do PSOE, a favor do BNG e a abstención do PP.

8.520/2024. Moción BNG para habilitar un aparcadoiro no Campo de Fútbol de Parga.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O voceiro do BNG da lectura a moción do seguinte teor literal:

<< MOCIÓN PARA HABILITAR UN APARCADOIRO NO CAMPO DE FÚTBOL DE PARGA.

Exposición de motivos:



O campo de fútbol de Parga acolle a práctica do fútbol nesta Vila do noso Concello durante todo o ano, de xeito que a equipa de veteranos do Parga F.C. emprega as instalacións nos partidos nos que compite coma equipa local e tamén, de xeito alterno, as diferentes categorías da S.D. Guitiriz, empregan as instalacións para adestrar ou incluso competir, de ser necesario.

O campo de fútbol carece de aparcadoiro para acoller os vehículos de xogadores das diferentes equipas, afeccionados, etc, polo que óptase por aparcarse no espazo frontal do campo, limítrofe coa estrada provincial LU-P-2305 que une a Moscosa con Parga, nun espazo que non ten as prazas delimitadas e moi próximo ás curvas perigosas que ten esta estrada.

Durante anos, empregouse coma aparcadoiro o terreo adxacente ao campo de fútbol na súa parte superior, terreo que, a pesar de estar fóra do valado do campo, forma parte do terreo do campo. Porén dito terreo está a ser empregado coma acopio de restos vexetais, que se depositan alí de xeito indiscriminado e sen unha mínima orde e colocación, estando todo o terreo moi afectado por este uso, tanto pola inxente cantidade de material que se acopia en certos momentos, coma polo paso dos vehículos agrícolas e forestais que se empregan para a súa carreteaxe.

Dende o BNG, cremos que poden convivir perfectamente os dous servizos: o acopio e o aparcadoiro, con zonas perfectamente delimitadas e con accesos definidos para que as actividades no entren en conflito.





Na imaxe superior, vemos a proposta que o BNG fai para este espazo: reserva da parte dianteira do terreo para aparcadoiro e da parte traseira para o acopio de materiais vexetais. Asimesmo, arranxaríase o camiño que recorre a finca na súa parte superior para acceso.

O camiño e a zona de aparcadoiro precisarían de certos amaños coma unha certa nivelación e o seu arranxo con xabre, grava ou o material que se considere máis acaído para soportar tanto o tránsito coma a ocupación dos vehículos, mentres que na zona de acopio, mais aló dalgúns arranxos menores, só sería necesario evitar acopios tan grandes coma os que se producen agora, polo que se tería que baleirar máis a miúdo.

Son polo tanto, arranxos de pequena entidade e con custes reducidos que non implican grandes obras nin orzamentos moi altos, mais que, neste caso, implicarían unha mellora sensible no servizos dos que dispón este campo de fútbol.

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, PP e BNG, adoptou o seguinte acordo::

1. Que o Concello de Guitiriz delimite as zonas de aparcadoiro e acopio de vexetais nos terreos superiores do campo de fútbol de Parga.
2. Que se proceda ao amaño da zona de aparcadoiro e do camiño de acceso a este terreo para o seu uso coma tal, mellorando o firme e nivelando con materiais coma xabre, gravas ou outros mais acaídos.
3. Controlar a zona de acopio de vexetais a fin de que non se produzan grandes acumulacións de materiais.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidente o voceiro do PP di que unha vez escoitado o voceiro de BNG cremos que efectivamente poden convivir un aparcadoiro e un acopio de vexetais que alí se acumulan.

Certo é tamén que os venres, que adoita haber partidos, resulta perigoso para os coches que aparcan diante do campo de fútbol pola carretera da Moscosa pois algúns sobresaen cara a estrada e poderían provocar un accidente.

Tamén é certo que o acopio de madeira e vexetais que alí se acumula é desproporcionado polo que nos parece xusto o que propón o BNG na súa moción, pero tamén hai que resaltar que aínda que non sexan obras de custe moi alto gustaríanos saber un importe aproximado e de que partida saírían os cartos para realizar devandita obra xa que non esta contemplada nos orzamentos, gustaríanos saber que, si no caso de que se aprobe a moción, o grupo de goberno nós diga de onde van saír os cartos para facela.

Con todo parécenos ben todo o que beneficie a veciñanza e que promova o deporte e facilite as condicións da contorna para levalo a cabo, polo que non nos imos a opoñer.



A Sra. Alcadesa di que eles van votar a favor, xa nalgún momento pensáramos en facer algo así e aproveitando que o BNG trae a moción votaremos a favor e levarémolo a cabo.

O primeiro que temos que facer é apurar a empresa para que veña recoller o que se deposita alí, delimitar e sinalizar a zona onde se pode acopiar e ver que se necesita para arranxar a zona que vai quedar como aparcamento, gran parte destes traballos pódense facer co persoal e maquinaria do concello polo que intentaremos facer algo este ano e no caso de que non se poda acabariamos de acondicionalo o ano que vén.

Parécenos unha boa idea e o uso de espazo pode ser compartido perfectamente.

O voceiro do BNG di que dado que os dous grupos van votar a favor alegrámonos.

Non me estraña que o grupo do PP non traia demasiadas mocións a este concello posto que para eles todo o que supoña un gasto supón un problema para o concello.

O voceiro do PP di que primeiro, satisfacción de ter por parte do Equipo de Goberno o compromiso de que se vai executar.

En canto as mocións o noso grupo traerá as que considere necesarias non as que lle impoña o BNG.

Voulle a ler o que pon na exposición de motivos, “optase por aparcar no espazo frontal do campo limítrofe coa estrada provincial LU-P-2305 que une a Moscosa con Parga, nun espazo que non ten as prazas delimitadas e moi próximo as curvas perigosas que ten esta estrada”. Léolle isto porque xa que o BNG goberna na Deputación, de paso que o concello fai o aparcamento, a Deputación podería sacar as curvas perigosas. Non sei que lle parece?

Votaremos a favor da moción porque nos parece moi boa.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

ROGOS PP

-Ao longo deste mandato levamos feitos un total de 42 rogos e comprobamos que fixo tres dos que trouxemos pero fixemos rogos de Guitiriz, Vilares, Sesulfe, Vimieiro, Mariz, Pedrafita, Sanguñedo etc, todos eles non son rogos do PP senón rogos que nos trasladan os veciños/as, polo que nos gustaría que acometese algún mais.



ROGOS BNG

-Que se revise e replantee a necesidade de ter contratado, durante os meses de inverno, o mantemento do campo de fútbol de Guitiriz porque debido a auga que se acumula vemos que é case imposible traballar nel polo que entendemos que facendo labores de limpeza das gabias pódese solucionar o problema do estancamento de auga.

-Se faga canto antes o baleirado da piscina vella dos Sete Muíños e se arranxe a comporta para evitar o problema do baleirado involuntario en plena época estival.

-En relación as fugas de auga, unha na Rúa San Xose en Parga que xa foi reparada fai anos, non e visible todos os días pero existe e en Guitiriz na rúa que fai esquina de acceso ao cuartel e na Rúa Vilalba, a pesar de que dixo que xa estaba arranxada.

Intervén a alcaldesa para aclarar que a fuga da Rúa Vilalba non é da traída porque non esta clorada, entendemos que se debe a que cando chove moitos días a auga aflora polo que supoñemos que debe haber algún manancial en algún sito. Observarémolo agora na época estival para ver si desaparece porque si así fora implicaría que non é unha fuga de traída porque esta vai coa mesma forza agora que fai unhas semanas.

-Fochancas: dende aldea da Fracela a carretera do Umbral aínda que é unha pista de terra leva sen tocarse fai anos; Rúa dos Vales; Estrada que vai de Mariz a Parga; a entrada a Recimil dende o Carballal.

-Que se rocen as pistas do concello en tempo e forma para que non se repita o proceder dos anos anteriores. Parécenos lamentable como en moitos sitios son os propios veciños/as os que asumen a roza nuns metros nas pistas preto das súas casas.

Intervén a alcaldesa para dicir que o contrato de desbroces para este ano xa esta adjudicado.

-En relación a Casa Barxa que non está en moi boas condicións os materiais da propia construción no seu interior.

-Que se poña solución aos vertidos e fugas que inflúen bastante en que a auga do Rio Parga non sexa apta para o baño, perdéndose unha zona de recreo importante e necesaria para a veciñanza de Parga.

PREGUNTAS

PREGUNTAS PP

O voceiro do PP pide permiso para facerlle unha pregunta ao Secretario por ser unha cuestión de orde do desenvolvemento do Pleno:

-Estase a cumprir o artigo 62 de intervención dos/as membros da Corporación Local no apartado "Pregunta" do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Guitiriz cando nós



facémoslles preguntas aos concelleiros/as e non se lles deixa responder e responde a voceira do grupo?

A Alcaldesa dálle a palabra ao Secretario e este responde que o Regulamento usa o termo imperativo “serán” polo que a literalidade é clara debendo contestar os concelleiros/as sen prexuízo de que se podan contestar no momento ou na sesión seguinte.

Intervén a alcaldesa para aclarar que entón tampouco se cumpre o Regulamento no seguinte punto do apartado “Pregunta: (...) Así como regra xeral, as preguntas serán presentadas por escrito como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente, e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión (...)”

Comenta a alcaldesa que o uso e costume deste concello é de non ter que presentar as preguntas por escrito, e tamén se ten como costume non obrigar a contestar aos concelleiros/as directamente cando eles non queren.

Si queremos aplicar estrictamente o mencionado artigo aplicarémolo, ou non, porque igual cambiamos o artigo, pero si o imos aplicar dende hoxe non admitiremos preguntas que non estean presentadas por escrito. Como eu sei que non todos os membros deste grupo queren falar no pleno teremos que modificar este artigo para que eles decidan libremente se queren contestar ou non.

Preguntas deste Pleno:

A Sra. Alcaldesa di que as van contestar no se seguinte pleno.

-En que estado se atopan tres mocións aprobadas aquí, a presentada no mes de setembro do ano 2023 polo BNG para arranxar a comporta da piscina natural dos Sete Muíños, a do Plan Integral da Rede Viaria e outra para arranxar a Rúa Xermade?

Resposta: Contesto no seguinte pleno

-Trouxo no mes de abril un recoñecemento extraxudicial de crédito e argumentouno dicindo que a maioría dos reparos que figuraban e logo se levantaban era para dar ganancia aos negocios de Guitiriz, o montante era de 75.981 euros. Nos negocios dos nosos veciños/as, deses 75.981 euros reverteron 1.159, cando aquí hai algún negocio que podía desenvolver o servizo doutras facturas que se pagaron. Segue mantendo vostede que o fai para darlle ganancia aos negocios de aquí?

Resposta: Contesto no seguinte pleno

-Pódenos explicar porque sendo don Carlos Bujan, tenente de alcalde e responsable da Área de Medio Rural e Coordinación de Obras e Servizos nas parroquias vai como representante do concello ao Consello Escolar do Colexio de Parga cando don Ramon Rivas responsable da Área de Cultura, Igualdade, Diversidade e Emprego e o representante no Consello Escolar no Instituto e no Colexio de Guitiriz?, significa isto que o colexio de Parga é de segunda división?



Resposta: O motivo de que sexa Carlos o representante do Concello no Colexio de Parga é porque os seus fillos estudaron alí, polo que o seu coñecemento en canto ao funcionamento do mesmo non o ten ningún outro concelleiro/a dos que estamos aquí.

Debería retirar esa pregunta porque me parece unha falta de respecto cara a devandito concelleiro.

Responde o voceiro do PP que non a retira pero que a súa intención non era ofender a ninguén.

-Pregunta para don Ramón Rivas ou para vostede, cal é motivo que os colexios de Parga e Guitiriz teñan as OCAS de electricidade caducadas, e dicir, os informes de inspección que fan as empresas especializadas encargadas de verificar o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade de produtos de instalacións eléctricas de gas, calefacción etc.

O CEIP de Guitiriz ten a OCA caducada dende 2018 e o CEIP de Parga dende 2021 sendo de obrigado cumprimento pasar as mesmas e é responsabilidade do concello.

Resposta: Contesto no seguinte pleno

- Para dona Sofía, con que periodicidade acude a traballadora social aos domicilios para revisar as situacións dos distintos usuarios/as ou en caso contrario isto non se esta facendo?

Resposta: Contesto no seguinte pleno

- Cando ten previsto abrir o PAI para reanudar o servizo de atención a infancia de 0 a 3 anos, competencia exclusiva do concello e que vostede ten pechado?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

-No pleno de marzo trouxo un expediente de modificación de crédito para o soterramento da liña de media tensión cun montante de 26.04,36 euros , argumentando vostede que era mellor facelo cando se arraxara a rúa para aforrar custes.

Soterráronse 8,5 metros de calzada e ten vostede un orzamento coa empresa Indesnor para soterramento completo de toda a liña cun montante de 49.554 euros e resulta que gastou vostede 26.000 euros en 8,5 metros, quedando 127 metros pendentes de soterrar. Como levou tanto soterrar eses oito metros e medio?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

-Durante os meses de febreiro e marzo reuniuse vostede con algúns veciños/as do Mesón da Cabra para pedirles a autorización de paso polas súas propiedades da rede de sumidoiros que vostede ten proxectada.



Cando vostede foi falar con eles xa tiña colgado o anuncio de licitación do proxecto, o vinte e un de febreiro, e xa sabía tamén que so se conectarían as casas que van dende a rotonda cara a Parga, e dicir un total de sete casas que se conectan nese tramo pero so hai unha casa habitada habitualmente. Parécelle isto normal?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

-Dende fai algún tempo temos dous policía locais, teñen todos os medios técnicos obrigatorios para o desenvolvemento dos seus servizos como membros da policía local?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

PREGUNTAS BNG

-No ano 2021 xubilouse unha das traballadoras que limpaba o colexio de Guitiriz e devandito posto quedou sen cobertura. Temos constancia que hai queixas sobre o deterioro da limpeza das instalacións en xeral posto que unha única persoa non da resolta aínda que sabemos tamén que ten apoio por parte doutra persoa unhas horas a semana. Tamén temos constancia de que vostedes son coñecedores deste problema dende finais do ano pasado que llo comunicaron por escrito.

Teñen pensado repoñer este posto de traballo para poder garantir a hixiene óptima do colexio?

Resposta: O apoio non é unhas horas a semana senón que é algúns días a semana, de feito vai todos os días menos un. Unha das prazas vaise adscribir como limpadora e estamos para resolvelo.

-Fomos comprobar que hai varias deficiencias en canto ao mantemento das instalacións que son responsabilidade do concello e que tamén están notificadas por escrito dende finais do ano pasado, como por exemplo, algún cristal roto, socavóns na pista descuberta, algunhas deficiencias na cociña etc.

Resposta: Somos conscientes disto, algunha está resolta e outras pendentes de resolver.

-Van facer antes de que remate o curso o correspondente mantemento do colexio de Parga, esta a herba sen cortar, segue habendo problemas no pavillón coa entrada de paxaros e problemas de humidade.

Resposta: En canto a entrada dos paxaros xa fixemos dúas actuacións distintas que en principio parecían que ían dar resultado pero ao final non foi así. En canto ao de cortar a herba fomos hoxe ao colexio de Guitiriz e iremos a semana que vén ao de Parga.

-Con respecto ao cese das prestacións do PAI, houbo 15 días de diferenca, mais ou menos, entre a reunión informativa cos pais e o peche efectivo do servizo. Este prazo cumpre a normativa respectiva entre a comunicación aos pais e o cese da actividade?



Resposta: En canto a comunicación aos pais creo que non hai nada regulado o que si que hai uns prazos para comunicarllo a Xunta.

-Cando esta prevista a reanudación do servizo?

Resposta: O final de obra esta prevista para o 11 de xuño e a partir de ai o tempo que leve limpar e colocar o mobiliario polo que a previsión para reanudar o servizo sería na primeira quincena de xullo.

-Cónstanos tamén que algunhas traballadoras que prestaban servizo no PAI finalizaron o contrato antes do peche das instalacións. A pregunta é, como se cubriu o servizo durante a ausencia destas traballadoras e como se fai habitualmente ante un imprevisto para cubrir o servizo?

Resposta: Co persoal que esta disposto e ten a cualificación necesaria para desenvolver ese traballo.

-Dos cinco puntos de acopio de plástico quedan tres por pechar e dende o ano pasado non se eliminou ningún. Cando se vai poñer en marcha a recollida de plásticos porta a porta par poder pechar os puntos de acopio que quedan?

Resposta: A recollida porta a porta xa é efectiva en todas as parroquias do concello, so falta desmantelar os puntos de acopio que quedan.

-Unha pregunta que fixo o Deputado do BNG no Congreso dos Deputados do Goberno do Estado sobre a variante do ferrocarril en Parga, a resposta do Goberno foi que dende ADIF se estaban levando a cabo traballos de coordinación co concello para poñer solución a supresión dos pasos. A pregunta é, que tipo de coordinación esta realizando este concello con ADIF?

Resposta: Nós dende fai tempo temos o compromiso de ADIF de non executar ningunha obra sen unha reunión previa cos veciños/as e co Concello.

Nestes últimos tempos o que estou intentando é que un responsable de ADIF acuda para coñecer de primeira man o estudio que temos feitos respecto a posibles variantes.

-Respecto ao servizo de madrugadores, o servizo no colexio de Guitiriz esta 100% xestionado polo concello pero no colexio de Parga esta xestionado polo ANPA, que parece ser foi unha esixencia da alcaldía para poñelo en marcha, e como consecuencia disto a ANPA de Parga recibe unha subvención que, a efectos prácticos, suponlles percibir 200 euros menos para a realización doutras actividades con respecto ao ano paso cando aínda non había o servizo de madrugadores.

Porque se fai este agravio comparativo entre os dous colexios e si esta previsto que no colexio de Parga continúe este servizo o ano que vén?

Resposta: Nós o que propuxemos foi que o servizo de madrugadores en Parga comezara o curso que vén facendo unha modificación do contrato que xa temos pero eles por distintos



motivos quixeron que se implantara despois das vacacións de Nadal e a única forma viable nese momento era que o servizo o prestara a ANPA para que logo o concello o financiara vía subvención.

En ningún momento foi unha esixencia pola nosa parte posto que non somos quen de esixir nada a ANPA, pero ademais dende o concello fíxose un esforzo para que puidesen prestar un servizo que non estaba contemplado nos orzamentos e o concello non podía contratar directamente unha empresa porque xa tiña outra para o servizo de concilia. A ANPA podía contratar directamente pero o único que lles faltaba era financiación e foi o que nós nos prestamos a darlles vía subvención. Nós fixemos as contas polo prezo hora que pagamos no concilia de Guitiriz e polo tempo que eles ian prestar o servizo e saíunos unha cantidade e a esta sumámoslle os seiscientos euros que xa recibían como subvención todos os anos e polo razón que sexa o servizo a ANPA lles esta saíndo un pouco mais caro do que se esperaba, concretamente 200 euros, pero díxoselles que si a actividade para a que tiñan destinaba a subvención requiría de algunha axuda por parte do concello se lle ia prestar.

O concello ofertou o servizo de madrugadores en Parga en varias ocasións e non houbo demanda suficiente para levalo a cabo, non había un número mínimo de nenos/as.

En canto si para o para o ano que vén vaise desenvolver igual que o de Guitiriz contéstolle no seguinte pleno.

-No verán de 2022 instaláronse no concello tres puntos de compostaxe doméstica, dous anos despois non están funcionando. Dende o goberno do concello comentáronnos noutra ocasión que os composteiros estaban en mal estado e hai un comunicado na liña verde dicindo que o concello inicia unha campaña de divulgación para incrementar a separación dos residuos polo que a nosa pregunta é, incrementar qué si non se empezou aínda xa que os composteiros están en mal estado e non funcionan?, e por outro lado, por imperativo da Unión Europea, salvo prorroga que descoñecemos, dende xaneiro de 2024 tería que estar implantado o contenedor marrón?

Resposta: Contesto no seguinte pleno

Preguntas do Pleno Anterior:

-Que iniciativas se están a tomar por parte do concello para incentivar a natalidade?

Resposta: Si se refire a iniciativas económicas, non hai unha subvención directa para aqueles que queren ter fillos/as posto que non nos parece a forma mais axeitada de tratar este tema, pero todos os programas de conciliación, tanto madrugadores, tardes no colexio de Guitiriz e no de Parga coa colaboración da ANPA, concilia verán, campamentos, actividades, servizo de achega dos nenos/as dende o colexio ao pavillón para que non teñen que acudir as familias, inversión de mais de 400.000 euros para a ampliación da escola infantil para poder dispor de máis prazas. Todas estas iniciativas consideramos que son o maior incentivo para atraer as familias e contribúan así a aumentar a natalidade.



-Na parroquia de Santa Cruz, na estrada que vai cara o campamento, estiveron sen alumeado publico do 9 ao 12 de febreiro, no seguinte fin de semana tivérono, pero do 23 a 26 volveron a estar sen el, no mes de marzo do 8 ao 11 tampouco tiveron. Hai algún problema detectado?

Resposta: Houbo varios avisos seguidos e consultada a empresa que leva o mantemento díxonos que como non sabían dirimir onde estaba o problema decidiron separar os tendidos con dous diferenciais para saber cal era o que saltaba e cal non e como agora esta mais determinado a zona a que lle afecta daráselle solución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE